

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2024/26	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	09 de agosto de 2024
<b>Duración</b>	Dende as 12:20 ata as 13:20 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Paula Mª Fernández Pena
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 26.07.2024</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 26 de	

xullo de 2024.

### Expediente 1240/2024. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vistas as BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROXECTO "+EMPREGA NOS CONCELLOS" PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS publicadas no (BOPPO nº 152 do 6 DE AGOSTO DE 2024). EIXE 1.

Vista a memoria-proxecto elaborada polo técnico municipal, relativa á contratación das seguintes persoas coas titulacións que se indican:

TITULADO/A 2.- A seguinte titulación:  
GRAO EN xornalismo ou comunicación audiovisual

TITULADO/A 2.-A seguinte titulación:.  
GRAO EN CIENCIAS AMBIENTAIS

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

- Aprobar a memoria referida.
- Solicitar, polo importe máximo subvencionable , a subvención ao abeiro das bases referidas, aprobar a contratación por seis meses prorrogables por outros seis , mediante contrato formativo, para o que se solicita a subvención, así como aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.
- Designar, en principio e provisioalmente, para as funcións de titoría aos seguintes técnicos: Juan Carlos Peteiro Rodríguez , no relativo ao titulado/a graduado/a en xornalismo ou comunicación audiovisual e Dona Soledad Rey Asorey ,no relativo ao titulado/a, graduado/a en ciencias ambientais.

### Expediente 1915/2023. Licenza ou Autorización Urbanística Legalización supermercado.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. (RIAE).
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio do 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).

#### ANTECEDENTES

Os antecedentes de feito remítense ó presente expediente administrativo e relacionados. Facendo unha relación moi sintetizada deles, débense mencionar os recollidos no primeiro informe da Arquitecta Técnica da Deputación de Pontevedra, Dona Verónica Chaves González, con rexistro de entrada no Concello nº 2024-E-RC-378 o 05 de febreiro de 2024:

**\*\*1º.-\*\***Consta licenza provisional outorgada por Decreto de Alcaldía do 05 de agosto de 1988 a favor de Hijos de Ignacio Tabares S.L., para apertura dun supermercado conforme ó “Proxecto de acondicionamento de local de supermercado”, redactado polo arquitecto D. Luís Llorente Taboada.

**\*\*2º.-\*\***Expediente núm.3439/2001: consta autorización outorgada pola Comisión de Goberno en sesión do 04.10.2002 a favor de Autoservicios Familia SA, para reforma e ampliación cambio de titularidade baixo comercial para implantación de autoservicio de alimentación, na Avda. do Parque nº 30, Silleda. Concesión de licenza de obra e licenza provisional de actividade condicionada.

3º.- Expediente núm. 4735/2005: Consta nova solicitude de licenza de obra e actividade para a reforma e ampliación do local, a nome de Vego Supermercados SAU.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 09.02.2006 acorda ordenar a Autoservicios Familia SAU o cese inmediato da actividade de autoservicio de alimentación que se está a exercer sen a preceptiva licenza municipal de funcionamento no local.

4º.- Expediente núm 910/2006: consta solicitude de licenza de obra menora nome Vego Supermercados SA, para acondicionar un local anexo para o almacén, con motivo de non causar danos a terceiros por ruído. Esta licenza para a instalación de pavimento e falso teito outorgouse por Decreto da Alcaldía do 07.03.2006.

5º.- Expediente núm. 2252/2006: consta nova solicitude de legalización e ampliación de supermercado. Non consta resolución.

6º.- Expediente núm. 1734/2018: consta nova solicitude de licenza de obras de "Legalización, cambio de uso e cambio de actividade comercial" sobre o referido establecemento acompañando dun novo proxecto técnico. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión reunida o 07.10.2021, declarouse caducado o procedemento de concesión de licenza e arquivouse o expediente.

7º.- Expediente núm. 1500/2023: Vego Supermercados, SAU, solicita nova licenza de obra para reforma interior e ampliación de supermercado, acompañando proxecto técnico asinado pola arquitecta Carmen Bouza García. Requírese documentación mediante oficio do 18.10.2023. Solicítase primeiramente por parte dos interesados ampliación de prazo para dar resposta a dito requirimento. Porén, o 20.11.2023 solicitan a renuncia a tramitación de dito expediente.

8º.- Vego Supermercados, SAU, presenta con RE 1131/2023 do 15.09.2023, Comunicación previa de actividade de supermercado, acompañando memoria de actividade, modelo de instancia de comunicación de apertura/inicio de actividade e xustificante de pago de taxas municipais.

9º.- Expediente municipal 1907/2023: Vego Supermercados, SAU, con RE 1433/2023 do 20.11.2023 presenta comunicación previa de obras, para reforma interior do supermercado, acompañando de formulario normalizado, memoria das obras, xustificante pago taxa e ICIO e solicitude de autorización sectorial ante a Dirección Xeneral de Patrimonio Cultural e De conformidade co apartado 9 da Memoria de obras de "*Comunicación previa de obras de reforma interior de supermercado. Memoria descritiva e xustificativa*", redactada pola arquitecta Carmen Bouza García, "*Las obras que se pretenden realizar consisten en: la reforma de los baños de uso público del establecimiento para adaptarlos a la normativa de accesibilidad y a la ratio mínima de aseos exigida por el plan xeral de Silleda; y en la instalación de un sistema de ventilación forzada en la zona de ventas del establecimiento.*"

10º.- Solicítase, en última instancia, con RE 1434/2023 do 20.11.2023, por parte dos mesmos interesados nova licenza de obras de acordo ao novo proxecto técnico que acompañan, en calidade de Proxecto de legalización de supermercado, obxecto do cal, se solicita a emisión de informe técnico de referencia.

11º.- O obxecto do presente proxecto é a legalización dun supermercado.

Documentación presentada polos interesados:

- **"Proxecto de legalización de supermercado en Silleda"** asinado pola arquitecta Carmen Bouza García e asinado o 20.11.2023.

- Informe de medición acústica de data 02.08.2023, pola empresa VIROCEM control de ruidos.

- Certificado de inspección periódica da instalación de electricidade por Organismo de Control Autorizado.

- Albarán, revisión mantemento e certificado portas automáticas acceso.

- Memoria técnica de instalación frigorífica, asinada en xullo de 2022 polo enxeñeiro agrónomo Julio Rosales Arosa. PEM: 20.525,23 €.

12º.- A Arquitecta Técnica da Deputación de Pontevedra, Dona Verónica Chaves González, emite un primeiro informe sobre a documentación presentada no ámbito do servizo provincial de Asistencia xurídica e técnica aos Concellos da provincia de Pontevedra, con rexistro de entrada no Concello nº 2024-E-RC-378 o 05 de febreiro de 2024, no que se advirten unha serie de eivas que se lle trasladan ós interesados mediante requirimento de data 06 de febreiro de 2024.

As deficiencias que a técnica pon de manifesto da documentación aportada son as seguintes:

“CONCLUSIÓN:

*Logo de analizar a documentación achegada, constátanse unha serie de carencias e deficiencias que non permiten discernir a viabilidade do proxectado. Polo que, se deberá requirir aos interesados, nos termos do art. 354 do RLSG, a emenda e presentación da seguinte documentación:*

*1. Procede que no presente proxectose inclúan a totalidade das obras executadas no establecemento, así como, as necesarias para adaptar e dar cumprimento a toda a normativa de aplicación de obrigado cumprimento. Debe incluírse no presente proxecto, as obras comunicadas con RE 1433/2023 en data 20.11.2023 (expediente municipal 1907/2023) en virtude do réxime de aplicación establecido nos artigos 146.3 da LSG e art. 354.4, 360.4 e 361.4 do RLSG, de tramitación conxunta e única de intervencións sobre o mesmo inmovible.*

*2. Cómpre completar o documento técnico achegado, incluíndo, entre outros, Estudo xestión residuos, Control de calidade, Estudo básico seguridade e saúde, Proxectos de instalacións de iluminación e ventilación, etc...*

*3. É necesario definir graficamente os estados previos, identificando os elementos que se pretenden eliminar ou modificar, e os estados definitivos, concretando as solucións de sistemas construtivos e acabados que se pretenden. Debe concordar a memoria descritiva, construtiva e gráfica.*

*4. Debe completarse a Memoria urbanística, coa xustificación completa, tanto gráfica como escrita, do cumprimento dos parámetros das condicións urbanísticas de aplicación de acordo coa ordenanza aplicable: O-2.2.-Edificación entre medianeiras formando quinteiros pechados con patio de pechados, Grao: O-2.3. regulada nos Art. 294 a 297 da normativa do PXOM.*

*5. É necesaria unha análise, xustificación e inclusión de solucións concretas para o completo*

*cumprimento das determinacións esixibles para uso comercial, regulado nos artigos 84 a 87 do PXOM, así como, do uso vinculado en planta semisoto e xustificación do cumprimento das determinacións aplicables. É necesario adaptar o núcleo de aseos, tendo en conta a superficie total da zona de vendas (736,95m<sup>2</sup>) cun número mínimo de 5 inodoros e 5 lavabos con independencia para señoras e cabaleiros con vestíbulo ou zona de illamento.*

*Trátase dun local que da fronte a dúas rúas. Cómpre analizar a posición do local respecto á cota de referencia de cada rúa, xustificando se se trata de planta baixa, semisoto, ou planta inmediatamente superior á baixa.*

*Detéctase nas seccións do plano 08E correspondente á parte da rúa Braña do medio 4, unha altura libre de 2,35m en zona de atención ao público da zona comercial. Esta cuestión deberá resolverse ata acabar a altura libre mínima de 2,50m, ou ben reconfigurar o aproveitamento deste espazo afectado, por un uso de carácter restrinxido e sen atención ao público.*

*Ademais, tendo en conta a afección patrimonial, cómpre incluír xustificación das condicións estéticas (Art. 297 PXOM (artigos 178 a 185 PXOM)).*

*6. En relación a posterior actividade a desenvolverde carácter comercial, deberá completarse a solicitude da licenza de obras con toda a documentación relativa a actividade, recollida no apartado 1 do art. 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro (LECEGA) e art. 11.1 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro (RIAE), nos termos do art. 24.2 LECEGA e 11 e 13 RIAE. Xustificación e revisión do cumprimento da seguinte normativa técnica de aplicación:*

*a. Xustificación de cumprimento de normativa técnica aplicable:*

*- DB SI (estudo resistencia ao fogo tendo en conta as distintas configuracións do establecemento, estudo clasificación dos locais e zonas de risco especial (almacén, solución xustificada en proxecto non válida), ocupación e evacuación de ocupantes en función número saídas de planta (planos acoutados con recorridos de evacuación), resistencia ao fogo da estrutura, estudo escaleiras).*

*b. Protección contra a contaminación acústica: Carece de xustificación do cumprimento e clasificación actividade conforme apartado A do Decreto 106/2015, do 9 de xullo. Normativa estatal carece (Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro). Consta na documentación facilitada por parte do concello un informe acústico realizado na vivenda da denunciante pola empresa Sonen Enxeñería acústica o 4-5 de xullo de 2023 con resultado de incumprimento dos valores máximos establecidos. En consecuencia, debe recollese expresamente no presente proxecto as medidas correctoras necesarias a adoptar para emendar e corrixir esta situación na zona en incumprimento; así como xustificar e adoptar, de ser o caso, no resto do establecemento.*

*c. Planimetría acoutada e representación e definición estancias con distribución, aproveitamento, mobiliario, zona de almacenaxe, corredores, etc., especialmente en planta semisoto e almacén (Non se consideran válidos os grandes espazos destinados a distribuidor e zona de paso). Achega de reportaxe fotográfica.*

*d. As obras sitúanse no territorio histórico da Vía da Prata ou Camiño Mozárabee no contorno de*

*protección de diversos elementos catalogados do Plan Xeral: igrexa parroquial de Santa Baia (ficha catálogo 30.01), cruceiro da igrexa (ficha catálogo 30.50), Conxunto de vivendas tradicionais na rúa Sta. Eulalia en Silleda (Nº 6, 8, 10) (ficha catálogo 30.26) e hórreo (ficha catálogo 30.46), polo que de acordo cos artigos 39 e 45 da vixente Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a intervención pretendida deberá contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural. É preciso que se identifique claramente as obras que afectan ao exterior, materiais, sistema construtivo, (incluíndo rótulo comercial), co fin de determinar a afección sobre estes bens.”*

13º.- Con registros de entrada neste Concello nº 2024-E-RE-259 e nº 2024-E-RE-278, consta no expediente que os interesados remite a seguinte documentación en resposta ó requirimento.

Os interesados acompañan:

-novo documento técnico en calidade de "**Expte. de legalización de ampliación de supermercado e proxecto de obras de reforma interior de supermercado**" asinado pola Arquitecta Carmen Bouza García en febreiro de 2024, que substitúe e anula o proxecto técnico presentado con anterioridade.

-"**Comunicación previa de actividade**", acompañada dunha memoria de actividade, modelo de instancia de comunicación de apertura/inicio de actividade e xustificante de pago de taxas municipais.

14º.- Consta autorización da DXPC respecto da intervención pola afección do Camiño de Santiago (Expte. SPR-2023-2033.AUI) referido a este expediente.

**\*\*15º.-\*\***Da documentación presentada dásele traslado á Arquitecta técnica da Deputación de Pontevedra, Dona Verónica Chaves González, a través do servizo provincial de Asistencia xurídica e técnica aos Concellos da provincia de Pontevedra, que emite informe o 25 de abril de 2024.

A técnica realiza a seguinte conclusión:

**"CONCLUSIÓN:**

*Á vista da documentación presentada, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a Legalización e reforma do supermercado sito no establecemento configurado no conxunto das plantas: baixa da Avda. do Parque 30, baixa e semisoto de Avda. do Parque 24, e baixa e primeira da rúa Braña do Medio nº 4, do termo municipal de Silleda (Parcelas catastrais 1775302NH6217N0001TD, 36052K504004560001RO, 1775302NH6217N0002YF, 1775301NH6217N0002BF, 1775301NH6217N0005MJ e 1775301NH6217N0006QK) de acordo ao proxecto presentado asinado pola arquitecta D. Carmen Bouza García (Arquitecta Colexiada nº 4.678); coa observancia das seguintes condicións:*

1. Resulta necesario, previo o outorgamento da presente licenza, a obtención expresa de autorización por parte da consellería competente en materia de patrimonio cultural respecto do novo proxecto presentado, por situarse na traza do territorio histórico da Vía da Prata ou Camiño Mozárabe, nos termos dos artigos 39 e 45 da vixente Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

2. As solucións construtivas que se utilicen para as instalacións e o illamento acústico, non poden en ningún caso, reducir a altura libre do local a menos de 2,50m.

3. Unha vez, rematadas as obras deberá presentarse, nos termos dos artigos 24 da LECEGA, 11 do RIAE e 364 RSLG, comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que se refire. Esta comunicación, deberá vir acompañada da documentación certificatoria final esixida regulamentariamente. O informe acústico a achegar deberá ser completo de acordo cos artigos 11 e 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, tendo en conta a apreciación realizada no anexo do citado decreto: "Os valores indicados enténdense sen prexuízo do cumprimento dos valores límite de recepción da lexislación vixente, tanto en interior como exterior."

16º.- Consta no expediente nova autorización favorable por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 16.07.2024, en núm. Expediente: SPR-2023-2033.AUI, respecto das obras de reforma interiores, incluídas no proxecto "**Expte. de legalización de ampliación de supermercado e proxecto de obras de reforma interior de supermercado**" asinado pola arquitecta Carmen Bouza García en febreiro de 2024 do mesmo local.

17º.- Consta **informe final favorable** da Arquitecta técnica da Deputación de Pontevedra, Dona Verónica Chaves González, actuando a través do servizo provincial de Asistencia xurídica e técnica aos Concellos da provincia de Pontevedra, asinado o 19/07/2024.

A conclusión do informe favorable da arquitecta recóllese a continuación:

"CONCLUSIÓN:

Á vista da documentación presentada, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a Legalización e reforma do supermercado sito no establecemento configurado no conxunto das plantas: baixa da Avda. do Parque 30, baixa e semisoto de Avda. do Parque 24, e baixa e primeira da rúa Braña do Medio nº 4, do termo municipal de Silleda (Parcelas catastrais 1775302NH6217N0001TD, 36052K504004560001RO, 1775302NH6217N0002YF, 1775301NH6217N0002BF, 1775301NH6217N0005MJ e 1775301NH6217N0006QK) de acordo ao proxecto presentado asinado pola arquitecta D. Carmen Bouza García (Arquitecta Colexiada nº 4.678); coa observancia das seguintes condicións:

1. As solucións construtivas que se utilicen para as instalacións e o illamento acústico, non poden en ningún caso, reducir a altura libre do local a menos de 2,50m.



2. Unha vez, rematadas as obras deberá presentarse, nos termos dos artigos 24 da LECEGA, 11 do RIAE e 364 RSLG, comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento a que se refire. Esta comunicación, deberá vir acompañada da documentación certificatoria final esixida regulamentariamente. O informe acústico a achegar deberá ser completo de acordo cos artigos 11 e 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, tendo en conta a apreciación realizada no anexo do citado decreto: “Os valores indicados enténdense sen prexuízo do cumprimento dos valores límite de recepción da lexislación vixente, tanto en interior como exterior.”

18º.- Consta informe xurídico asinado pola Secretaria o 09/08/2024.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

### **PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS**

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

### **SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA**

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:**

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade

urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

*"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.*

*b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.*

*c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma*

*legal ou documento urbanístico e aqueloutras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección."*

No que á legalización se refire, debemos ter en conta que segundo establece a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente.

Con todo, poden darse situacións nas que se leven a cabo ese tipo de actuacións sen contar coa correspondente licencia infrinxindo, polo tanto, a legalidade. Neses casos entra en xogo a posibilidade de levar a cabo unha legalización das actividades.

De conformidade co disposto no artigo 153 da citada Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, se estivesen acabadas as obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar dende o remate total das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior (154). Tomarase como data de remate das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.

A iso engade o artigo 377 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia que se considera que son obras totalmente rematadas aquelas que se atopen dispostas para servir ao fin ao que estivesen destinadas e en condicións de ser ocupadas sen necesidade de obra complementaria de ningún tipo, cando así o recoñeza a Administración actuante.

Este Regulamento completa e pecha a regulación en materia de urbanismo na Comunidade Autónoma de Galicia, supoñendo, tal e como sinala a súa exposición de motivos, por primeira vez unha normación íntegra de todos os aspectos relacionados co réxime xurídico do solo, o planeamento, a xestión e a disciplina urbanística.

Iso implica que o Regulamento pasa a incorporar integramente todas aquelas cuestións que ata a súa publicación se aplicaban nesta Comunidade Autónoma e que estaban contidas nos regulamentos de planeamento e xestión urbanística estatais, os cales quedaron relegados a un papel practicamente testemuñal como dereito supletorio para o improbable caso de que a regulación galega presente algunha carencia normativa.

**TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS** (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o

procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

Polo que se refire ao procedemento a seguir en relación coas obras rematadas que poden ser obxecto de legalización, debemos tomar en conta que, de conformidade co Decreto 143/2016, do 22 de setembro, o procedemento iniciase mediante unha providencia da alcaldía que debe ser notificada aos interesados a fin de que poidan expor, fronte a dita incoación, as alegacións que consideren de interese. Neste caso, a intención de legalizar as obras xurde dos propios interesados.

Posteriormente, tramitado o expediente e previa audiencia aos interesados; de conformidade co art. 152.3 b) da Lei 2/2016, ao que remite o art. 153.1 da mesma norma:

*"se as obras ou os usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase o derrubamento das obras á conta do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que desen lugar".*

**CUARTO.-** Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

